

DECRETO DE ALCALDÍA

Asunto: convocatoria sesión ordinaria Concello Pleno

A Corporación municipal, na sesión organizativa celebrada o día 12 de xullo de 2019, aprobou a fixación e periodicidade das sesións ordinarias do Pleno do Concello, que deberán celebrarse cada dous meses, o 4º venres dos meses impares, ás 20:30 horas (oito e media do serán) facultando ao alcalde para, previa a consulta cos voceiros dos grupos políticos municipais, pospoñer ou avanzar a celebración das sesións ordinarias do Pleno, dentro do mes da súa celebración, cando a data fixada sexa festivo, se atope incluído nun período vacacional ou concorran outras circunstancias que así o aconselle.

Logo de ver que o venres 24 de xaneiro de 2020 a secretaria xeral por acumulación, funcionaria con habilitación nacional, para dar fe pública, non podía asistir á celebración da sesión ordinaria do Pleno nesa data, e téndose consultado previamente o pospoñer a celebración desta sesión.

Dende hoxe ten á súa disposición na secretaria xeral os antecedentes de que dispoña esta funcionaria relacionados cos asuntos que figuran na orde do día.

RESOLVO

Primeiro.- Convocar a SESIÓN ORDINARIA do CONCELLO PLENO o día 31 DE XANEIRO DE 2020 (VENRES), ás 20:30 horas (OITO E MEDIA DO SERÁN), en primeira convocatoria, a celebrar no SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO, coa seguinte

ORDE DO DÍA

1	<p>PARTE RESOLUTIVA</p> <p>1.1.-APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES:</p> <ul style="list-style-type: none"> - ORDINARIA: núm. 2019/15, do 28 de novembro de 2019 - EXTRAORDINARIA: núm. 2019/16, de 17 de decembro de 2019 - EXTRAORDINARIA: núm. 2019/17, de 17 de decembro de 2019 <p>As actas incluídas no presente punto para a súa aprobación serán achegadas xunto coa presente convocatoria.</p> <p>1.2-PROPOSTA DE ALCALDÍA RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2020-CONCELLO PLENO</p> <p>1.3.-APROBACIÓN ESTATUTOS ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO FISTERRA E MUXÍA</p>
2	<p>PARTE DE CONTROL (Non Resolutiva)</p> <p>2.1.- DAR CONTA DECRETOS DE ALCALDÍA: do 1399/2019, do 16 de novembro de 2019, ata o 1604/2019, do 30 de decembro de 2019 (ambos inclusive) e do 1/2020, do 30 de decembro de 2019 ata o 6/2020 do 2 de xaneiro de 2020 (ambos inclusive); ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIAS: núm. 2019/22, do 28 de novembro de 2019; núm. 2019/24, do 27 de decembro de 2019; núm. 2020/1, do 10 de xaneiro de 2020.</p> <p>2.2.- ROGOS E PREGUNTAS</p>

De acordo co artigo 90 do ROF, no caso de non existir quórum suficiente en primeira convocatoria (un tercio do número legal de membros da corporación), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días máis tarde.

Segundo.- Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros da Corporación municipal, que deseguido se relacionan, quedando notificado/s coa sinatura/remisión do presente escrito, así como do recibo da/s acta/s da/s sesión/s do Concello Pleno para a súa aprobación e das actas da da Xunta de Goberno Local.

APellidos e Nome	GRUPO POLÍTICO	TIPO NOTIFICACIÓN
BARBEIRA GARCÍA, DAVID	Grupo mixto (CxG)	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO E NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
POSE RODRÍGUEZ, MARIA JOSEFA	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO E NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
ESPASANDÍN TURNES, MARÍA ESTHER	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
CANCELA BLANCO, SILVIA	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
GARCÍA SUÁREZ, JOSÉ	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
IGLESIAS MOURO, MANUEL ANDRÉS	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
RODRÍGUEZ TORREIRA, JOSÉ MANUEL	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
UCHA VELO, JOSÉ ANTONIO	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
FAJÍN BARREIRO, CRISTINA	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
TURNES ROMERO, CARLOS	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
RUZO BLANCO, BLANCA MARÍA CARMEN	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL

ESPASANDÍN MARTÍNEZ, JOSÉ MARÍA	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
ANTELO ÁLVAREZ, JESSICA	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO

(A acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local núm. 2020/1, do 10 de xaneiro de 2020 será achegada xunto coa presente convocatoria.)

Esta resolución notifícarase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba,
 O alcalde

Dou fe, a secretaria xeral en acumulación de funcións

David Barbeira García

Ana Beatriz Oveja Villafañe